



CONCELLOS

CERVO

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de data 31 de outubro de 2022, aprobáronse os padróns correspondentes ás mensualidades de setembro de 2022 das liquidacións do prezo público polo servizo de Axuda no Fogar e da Piscina Municipal, así como os padróns correspondentes ao 4º bimestre de 2022 das taxas polos Servizos de Abastecemento de Auga, Recollida de Lixo e Saneamento.

Por medio do presente edicto expóñense ao público os padróns, por un prazo de 15 días naturais, a contar dende o seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de reclamacións. Contra os mesmos poderase interpoñer o recurso de reposición do artigo 14 do RD lexislativo 2/2004, de 5 de marzo no prazo de un mes dende a publicación deste anuncio, sendo o procedente no caso do canon da auga a reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación mediante o Padrón.

O prazo de ingreso en período voluntario abarcará dende o 11 de novembro de 2022 ao 13 de febreiro de 2023. Unha vez transcorrido o mesmo sen ter efectuado o pago, este esixirase polo procedemento de constrinximento sobre o patrimonio do debedor. No caso do canon da auga, esta falta de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Formas de pagamento: Mediante domiciliación bancaria ou en calqueira oficina de Abanca, Banco Santander ou BBVA provistos do documento de ingreso que se lles remitirá ou poderán solicitar no Concello.

Cervo, 31 de outubro de 2022.- O Alcalde, Alfonso Villares Bermúdez.

R. 3180

GUITIRIZ

Anuncio

Aprobado por Decreto de Alcaldía o Padrón fiscal do servizo público de Centro de Día correspondente ao mes de setembro de 2022 que comprenden os seguintes recibos:

1.- Padrón das taxas de prestación do servizo público de Centro de Día correspondente ao mes de setembro de 2022, integrado por 13 recibos por importe total de 3.509,64 €.

O Padrón quedará exposto ao público no Concello durante o prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao da inserción do presente edicto no BOP, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobado no caso de que non se produzan reclamacións contra o mesmo.

Contra o acordo de aprobación dos correspondentes Padróns, poderá interpoñerse con carácter perceptivo recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, contado dende o día inmediato seguinte ó do remate da exposición pública dos correspondentes Padróns.

A cobranza en período voluntario das taxas do padrón do servizo público de Centro de Día correspondente ao setembro de xullo de 2022, terá lugar dende o día 20/10/2022 ao 20/12/2022 (ambos incluídos). Os recibos que figuran domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades para o seu cargo nas contas designadas polos contribuíntes.

A presente publicación surtirá efectos de notificación colectiva da liquidación tributaria, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Guitiriz, 26 de outubro de 2022.-A Alcaldesa, María Sol MorandeiraMorandeira.

R. 3181

O INCIO

Anuncio

Estando próximo a finalizar o período de catro anos para o que se nomeou ó Xuíz de Paz titular, en cumprimento do previsto no art. 101 e concordantes da Lei Orgánica do Poder Xudicial, esta Corporación vai proceder a súa elección.

A tal fin anúnciase a presente convocatoria pública para a provisión de dito cargo, con arranxo ás seguintes bases:

1º.- OBXECTO.

Elección do Xuíz de Paz titular do Concello de O Incio, por un período de catro anos.

2º.- CONDICIONS DOS ASPIRANTES

Poderán participar na convocatoria todos os cidadáns que reúnan os seguintes requisitos:

- Ser español /a emaior de idade.

- Non estar incurso nas causas de incapacidade previstas no art. 303 da Lei Orgánica do Poder Xudicial, así como nas causas de incompatibilidade e prohibicións sinaladas nos artigos 389 e 397 da antedita Lei, a excepción das actividades establecidas no artigo 14.2 do Regulamento 3/1995. As causas de incompatibilidade e prohibicións operarán con posterioridade ao nomeamento.

3º.- SOLICITUDES.

As solicitudes irán dirixidasó Sr. Alcalde-Presidente, debendo adxuntar os documentos seguintes:

- Certificado de nacemento e fotocopia autenticada do D.N.I.

- Certificación médica, acreditativa de non estar impedido física o psíquicamente para o exercizo de función xudicial.

- Certificado de antecedentes penais, expedido polo Rexistro Central de Penados e Rebeldes.

- Declaración complementaria de conduta cidadá á que se refire o artigo 2.1 a) da Lei 68/80, referente a se se atopa inculpado o procesado.

- Xustificación dos méritos que poida alegar.

4º.- PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIONES DE INSTANCIAS.

As solicitudes presentaranse no Rexistro do Concello de O Incio ou por calquera dos medios dispostos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, durante o prazo de 10 días naturais , a contar dende o seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

O Incio, 2 de novembro de 2022.- O alcalde, Héctor M. Corujo González.

R. 3182

LÁNCARA

Anuncio

O Pleno do Concello de Láncara en sesión ordinaria realizada o día 29 de setembro de 2022 acordou aprobar o expediente de modificación de créditos 15/2022, concesión de créditos extraordinarios e suplementos de crédito do orzamento xeral do Concello de 2022. O citado acordo foi exposto ó público polo prazo de 15 días hábiles mediante anuncio publicado no BOP nº 230 de Lugo de 07/10/2022 sen que durante ese prazo se presentase reclamación algunha, polo que se entende definitivo o acordo inicialmente adoptado, co seguinte resumo por capítulos do orzamento:

Estados do gastos

Capítulo I	Gastos de Persoal	787.622,98
Capítulo II	Gastos en benscorrentes e servizos	1.465.203,11
Capítulo III	Gastos Financeiros	195,33
Capítulo IV	Transferencias Correntes	39.101,60

Capítulo V	Fondo de Continxencia	3.500,00
Capítulo VI	Investimentos Reais	1.185.562,16
Capítulo VII	Transferencias de Capital	34.371,89
Capítulo VIII	Activos financeiros	0,00
Capítulo IX	Pasivos financeiros	6.604,00
		3.522.161,07

Estado de ingresos

Capítulo I	Impostos directos	622.631,54
Capítulo II	Impostos indirectos	25.000,00
Capítulo III	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	313.844,40
Capítulo IV	Transferencias Correntes	1.303.934,73
Capítulo V	Ingresos patrimoniais	6.429,26
Capítulo VI	Alleamento de investimentos reais	0,00
Capítulo VII	Transferencias de capital	404.574,81
Capítulo VIII	Activos financeiros	845.746,33
Capítulo IX	Pasivos financeiros	0,00
		3.522.161,07

Contra o presente acordo, en cumprimento do disposto no artigo 113 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, os interesados poderán interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 43 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición.

Láncara, 2 de novembro de 2022.- O alcalde, Darío A. Piñeiro López.

R. 3183

LUGO

Anuncio

EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

A través do Decreto número 9800/2022 de 7 de outubro, aprobouse o padrón relativo ás taxas pola prestación do servizo de centro de día correspondiente ao terceiro trimestre de 2022, que se exponen ao público no Servizo de Servizos Sociais, sito na Ronda da Muralla 197, durante o prazo de quince días hábiles contados dende o seguinte, tamén hábil, da publicación deste Edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento, sen prexuízo do disposto no artigo 63 da Ordenanza fiscal xeral. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria e o seu pagamento realizarao por domiciliación bancaria autorizada a persoa solicitante do servizo, por escrito, no momento da concesión.

O período voluntario de pagamento fíxase nun mes dende a aprobación da correspondente taxa: dende o día 18 de outubro ata o 18 de novembro de 2022 (ou inmediato hábil posterior se aquel fose festivo).

Advírtese que, transcorrido o prazo voluntario de ingreso sen efectuar o pagamento das débedas, estas xerarán o 5% da recarga executiva ata o inicio do procedemento de constrinximento, coa recarga, xuros e custas que se puidesen producir a partir dese momento.

Lugo, 7 de outubro de 2022.- A Concelleira Delegada de Benestar Social, Inclusión e Persoas Maiores. Olga López Racamonde.

R. 3184

Anuncio

EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por Decreto número 10030/2022, de data 17 de outubro de 2022, aprobouse o Padrón de subministración de auga e IVA s/seu consumo, recollida de lixo, sumidoiros, aluguer de contador e canon de auga correspondente ao terceiro trimestre de 2022, que se expón ao público no Servizo de Augas, sito na Ronda da Muralla, 197, durante o prazo de quince días hábiles, a contar dende o seguinte, tamén hábil, da publicación deste Edicto no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que dictou o acto no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento, sen prexuízo do disposto no artigo 63 da Ordenanza Fiscal Xeral. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria.

Lugo, 31 de outubro de 2022.- A ALCALDESA,P.D.O TENENTE DE ALCALDESA DELEGADO DECOHESIÓN TERRITORIAL, Miguel Fernández Méndez.

R. 3185

Anuncio

O Excmo. Concello Pleno de Lugo, en sesión celebrada o vinteseite de outubro de dous mil vintedous, acordou aprobar inicialmente a ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA TRAMITACIÓN DOS TÍTULOS HABILITANTES DE NATUREZA URBANÍSTICA E DAS ACTIVIDADES.

En cumprimento do establecido no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril reguladora das bases de réxime local, modificada pola Lei 11/1999 do 21 de abril, expónse ao público polo prazo de TRINTA DÍAS HÁBILES, contados a partir do seguinte día ao da publicación do anuncio, dentro do cal os interesados poderán examinala na paxina Web do concello e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas. Entenderase como definitivo o acordo provisional, de non ser presentadas reclamacións durante dito período, procedendo á publicación íntegra do texto da ordenanza.

Lugo, 7 de novembro de 2022.- O Secretario Xeral do Pleno, Rafael José del Barrio Berbel.- Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Sostibilidade Urbana, Álvaro Santos Ramo.

R. 3227

MURAS

Anuncio

Aprobación inicial de expediente de modificación de créditos do orzamento municipal do Concello de Muras do exercicio 2022 mediante transferencia de crédito partidas dintinto area de gasto

O Concello Pleno, en sesión ordinaria celebrada o 26 de outubro de 2022, aprobou inicialmente o expediente de modificación de créditos mediante transferencia de créditos entre partidas de distinto área de gasto por un importe de 71.163,43€

O devandito expediente permanecerá exposto ao público, durante o prazo de quince días hábiles contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica do Concello de Muras, a efectos da presentación de reclamacións ante o Pleno, segundo o disposto no artigo 177.2, em relaciónco 169, do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei

reguladora das Facendas Locais. Se ao remate do período de exposición pública non se presentaran reclamacións, o expediente consideraranse definitivamente aprobado, conforme ao establecido na citada lexislación.

Muras, 3 de novembro de 2022.- O Alcalde, Manuel Requeijo Arnejo.

R. 3187

Anuncio

Aprobación inicial de expediente de modificación de créditos do orzamento municipal do exercicio 2022 mediante crédito extraordinario

O Concello Pleno, en sesión ordinaria celebrada o 26 de outubro de 2022, aprobou inicialmente o expediente de modificación de créditos mediante crédito extraordinario financiado con remanente líquido de tesourería por importe de por un importe de 51.711,76€.

O devandito expediente permanecerá exposto ao público, durante o prazo de quince días hábiles contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica do Concello de Muras, a efectos da presentación de reclamacións ante o Pleno, segundo o disposto no artigo 177.2, em relación co 169, do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais. Se ao remate do período de exposición pública non se presentaran reclamacións, o expediente consideraranse definitivamente aprobado, conforme ao establecido na citada lexislación.

Muras, 3 de novembro de 2022.- O Alcalde, Manuel Requeijo Arnejo.

R. 3188

Anuncio

Anuncio aprobación inicial modificación ordenanza fiscal reguladora do prezo público do Punto de Atención á Infancia (PAI) do Concello de Muras.

O Pleno do Concello da Muras en sesión ordinaria celebrada o día 26 de outubro de 2022, acordou a aprobación inicial da modificación da ordenanza fiscal reguladora do prezo público do Punto de Atención á Infancia (PAI).

E en cumprimento do disposto no artigo 17 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días a contar desde o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. Durante devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, estará a disposición dos interesados no portal de transparencia do Concello: <https://muras.sedelectronica.gal/>

Se transcorrido devandito prazo non se presentaron reclamacións, consideraranse aprobado definitivamente devandito Acordo.

Muras, 3 novembro 2022.- O Alcalde, Manuel Requeijo Arnejo.

R. 3189

AS NOGAIS

Anuncio

De conformidade co disposto no artigo 23.4 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, no artigo 61.3 da Lei 5/97, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, artigos 43 e 44 do Real Decreto 2.568/86, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e co previsto no artigo 51.1 do Código Civil, publícase que pola Alcaldía do Concello de As Nogais en dato 9 de setembro de 2021 adoptou Decreto que dí; Delegar no concelleiro don Fernando Rodríguez González a celebración do matrimonio entre don Fernando Santín López, titular do DNI número ***5544** e dona Nerea Crende López, titular do DNI número ***9115**, en D. Fernando Rodríguez González, Concelleiro de este Concello, a celebrar o día 5 de novembro de 2022 nesta Casa Consistorial do Concello de As Nogais. Ordenar a publicación do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia en cumprimento do previsto no artigo 44.2º do Real Decreto 2568/86 de 28 de novembro.

As Nogais, 4 de novembro de 2022.- O Alcalde, Jesús Manuel Núñez Díaz.

R. 3190

OUTEIRO DE REI

Anuncio

Anuncio de exposición ao público da conta xeral do Concello de Outeiro de Rei correspondente ao exercicio 2021.

Formulada e rendida a conta xeral do Concello de Outeiro de Rei correspondente ao exercicio 2021 e ditaminada pola Comisión Especial de Contas en sesión de data 28 de outubro de 2022; de conformidade co disposto no artigo 212.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, expónse ao público xunto cos documentos xustificativos durante quince días hábiles, contados a partir do seguinte á publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, durante os cales, os interesados poderán presentar as reclamacións, reparos e observacións que estimen pertinentes.

Outeiro de Rei, 31 de outubro de 2022. O Alcalde. José Pardo Lombao.

R. 3191

PANTÓN

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 26-2022 POR CRÉDITO EXTRAORDINARIO.

O Pleno do Concello de Pantón, en sesión ordinaria que tivo lugar o día 27.10.2022, aprobou inicialmente o expediente nº 1048/2022 de modificación de crédito 26-2022 do vixente Orzamento Municipal na súa modalidade de crédito extraordinario.

De conformidade co acordo adoptado e co artigo 177 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en concordancia co artigo 169 do mesmo texto legal, expónse ao público no Boletín Oficial da Provincia de Lugo por prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo nas dependencias municipais e presentar reclamacións ante o Pleno.

A modificación de crédito considerarase definitivamente aprobada se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Pantón, 2 de novembro de 2022.- O Alcalde, José Luis Álvarez Blanco.

R. 3192

RIBAS DE SIL

Anuncio

Aprobados por Decreto da Alcaldía de data 03/11/2022 o Padróns da taxa polo Servizo de recollida de lixo rural do 3º Trimestre de 2022 e o Padrón SAF do mes de outubro de 2022, por medio do presente expóñense ao público por prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ó da súa inserción no BOP ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobados se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Contra o acordo de aprobación dos devanditos padróns poderá interpoñerse recurso de reposición ante o propio alcalde polo prazo de un mes, contado dende o día inmediato seguinte ó de finalización do período de exposición ó público. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei reguladora da referida xurisdición.

O mesmo tempo establece un período de cobranza en fase de ingreso voluntario de dous meses. Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria; procedéndose a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, a través do Servizo de Recadación da Deputación de Lugo de acordo co establecido no artigo 161 da devandita Lei.

A presente publicación, no suposto de exposición ó público dos padróns e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva ó amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Ribas de Sil, 3 de novembro de 2022.- O alcalde, Miguel Angel Sotuela Vega.

R. 3193

O SAVIÑO*Anuncio***Acordo inicial de modificación do cadro de persoal para o exercicio 2022.**

Aprobado inicialmente polo Pleno do concello de O Saviño, en sesión ordinaria celebrada o día 29 de setembro de 2022, o Acordo de modificación do cadro de persoal funcionario e laboral para o exercicio 2022 (publicado no BOP núm. 97, de 29 de abril de 2022), en cumprimento do establecido no artigo 90 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, en relación co artigo 126.3 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, e artigo 169 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, expónse ao público na Secretaría deste concello, polo prazo de 15 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da provincia de Lugo, a fin de que durante o mesmo, os interesados, poidan examinar o expediente e formular as reclamacións que estimen convenientes ante o Pleno da Corporación.

No suposto de non presentarse reclamacións o acordo inicial entenderase elevado a definitivo, en caso contrario, o Pleno disporá do prazo de 1 mes para resolvelas.

O Saviño, 3 de novembro de 2022.- O Alcalde, Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 3194

O VALADOURO*Anuncio***APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO DO MES DE SETEMBRO DE 2022**

Aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local celebrada o día 28 de outubro de 2022, o Padrón de contribuíntes do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrencia e de dependencia, correspondente ao mes de setembro de 2022 polo importe total de 6.741,38€.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O Valadouro 31 de outubro de 2022.- O Alcalde, Edmundo Maseda Maseda.

R. 3195

CONSORCIO PARA A XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DA REDE BÁSICA DE ABASTECIMENTO AOS CONCELLOS DE CERVO E BURELA*Anuncio*

Quedando definitivamente aprobada a transferencia de crédito 2/2022 entre diferentes áreas de gasto, aprobada inicialmente por acordo do Consello Reitor do Consorcio para a xestión e explotación da rede básica de abastecemento de auga en alta aos Concellos de Cervo e Burela de 23 de setembro de 2022, elevado automaticamente a definitivo ó non terse presentado reclamacións e, en cumprimento do disposto no artigo 169 do Real Decreto Legislativo 2/2004, que aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, faise público o resumo da correspondente transferencia de crédito entre as diferentes áreas de gasto:

Altas en aplicacións de gastos

Aplicación Ozramentaria		Descrición	Euros
920	227.99	Concesión servizo explotación rede abastecemento auga	123.000
		TOTAL GASTOS	123.000

Baixa en aplicacións de gastos

Aplicación Orzamentaria		Descrición	Euros
011	310.00	Intereses préstamos	30.000
011	913.00	Amort. Préstamos	93.000
		TOTAL GASTOS	123.000

Cervo, 3 de novembro de 2022.- A Presidenta, Teresa María Gutiérrez López.

R. 3196

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO
CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO CANTÁBRICO. COMISARÍA DE AUGAS

Anuncio

Expediente número: A/27/23432

Asunto: Solicitud de concesión de un aprovechamiento de aguas

Peticionario: Juan Manuel Carbajales Valea

Nombre del río o corriente: Río Trabada

Caudal solicitado: 1,9 l/seg.

Punto de emplazamiento: Vilarbetote (Sante)

Término Municipal y Provincia: Trabada (Lugo)

Destino: Accionamiento de molino harinero

BREVE DESCRIPCION DE LAS OBRAS:

Azud de derivación con escala de peces, canal de acumulación y conducción del agua hasta el molino y devolución al cauce.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contado a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el indicado plazo, en el Ayuntamiento de Trabada, o en la Confederación Hidrográfica del Cantábrico (Comisaría de Aguas, Plaza de España nº 2, -33071-OVIEDO), donde estará de manifiesto el expediente.

Oviedo, 22 de marzo de 2022.- El Titulado Superior de Gestión y Servicios Comunes, Pedro Granda Rodríguez.

R. 0664

CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL. O.A. COMISARÍA DE AUGAS

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Expediente: A/27/40284

Asunto: Solicitud de concesión de aprovechamiento de aguas

Peticionario: Comunidad de Usuarios de Agua de Fonte Abelairas y Cerdeira

Nombre de la captación: manantiales Fonte Abelairas y Cerdeira

Caudal solicitado: 0,13 l/s

Punto de emplazamiento: O Barreiro, parroquia de Bretoña (Santa María)

Término Municipal y Provincia: A Pastoriza (Lugo)

Destino: Usos ganaderos

BREVE DESCRIPCION DE LAS OBRAS Y FINALIDAD:

La captación del manantial Abelairas se realiza mediante una arqueta, la del manantial Fonte Cerdeira se realiza mediante un tubo poroso del que parte tubería hasta una arqueta y desde esta, a un depósito de distribución. Desde el depósito se conducen las aguas a las explotaciones ganaderas.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el plazo indicado, dirigidas a la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., ante este Organismo, Ayuntamiento de A Pastoriza, o a través de cualquiera de los medios o registros previstos en la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.

Se hace constar que el expediente estará de manifiesto para su consulta en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A. (Comisaría de Aguas, Ronda de la Muralla, 131 - 2º Planta - 27001 - LUGO).

Teniendo en cuenta la situación actual en lo que respecta a la exposición a coronavirus y a los riesgos sanitarios derivados por el contagio de la COVID-19, para acceder al expediente de forma presencial, se deberá de SOLICITAR CITA PREVIA y respetar en todo momento la MEDIDAS DE SEGURIDAD que establezcan las autoridades sanitarias y las instrucciones del personal del Organismo.

Lugo, 2 de noviembre de 2022.- EL COMISARIO ADJUNTO, Alberto de Anta Montero.

R. 3197

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Expediente: A/27/39560

Asunto: Solicitud de concesión de aprovechamiento de aguas

Peticionario: Amandino Carrera Irimia, María Rosario Puente Rego

Nombre del río o corriente / de la captación: Pozo

Caudal solicitado: 0,138 l/s

Punto de emplazamiento: A Ponte de Outeiro, parroquia de Outeiro (Santa María)

Término Municipal y Provincia: Castro de Rei (Lugo)

Destino: Riego

BREVE DESCRIPCION DE LAS OBRAS Y FINALIDAD:

La captación se realiza mediante un pozo de 5 metros de profundidad, en el que se instalará una bomba de 1,2 cv. Del pozo parte una tubería que conduce el agua para riego de la plantación de arándanos ubicada en la parcela 6 del polígono 959 y en la parcela 573 del polígono 3.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el plazo indicado, dirigidas a la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., ante este Organismo, Ayuntamiento de Castro de Rei, o a través de cualquiera de los medios o registros previstos en la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.

Se hace constar que el expediente estará de manifiesto para su consulta en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A. (Comisaría de Aguas, Ronda de la Muralla, 131 - 2º Planta - 27001 - LUGO).

Teniendo en cuenta la situación actual en lo que respecta a la exposición a coronavirus y a los riesgos sanitarios derivados por el contagio de la COVID-19, para acceder al expediente de forma presencial, se deberá de SOLICITAR CITA PREVIA y respetar en todo momento la MEDIDAS DE SEGURIDAD que establezcan las autoridades sanitarias y las instrucciones del personal del Organismo.

Lugo, 2 de noviembre de 2022.- EL COMISARIO ADJUNTO, Alberto de Anta Montero.

R. 3198

MINISTERIO DE FACENDA**BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) MONFORTE DE LEMOS***Anuncio***PROGRAMA DE AYUDAS MUNICIPALES A LA CREACIÓN DE EMPRESAS DEL AYUNTAMIENTO DE MONFORTE DE LEMOS, 2022**

BDNS (Identif.): 656802

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/656802>)

1. OBJETO Y FINALIDAD DE LA CONVOCATORIA

Esta convocatoria tiene por objeto fijar las bases reguladoras y convocar la concesión, para el año 2022 del PROGRAMA DE FOMENTO DE LA INICIATIVA EMPRESARIAL EN EL AYUNTAMIENTO DE MONFORTE DE LEMOS, con la finalidad de colaborar de una forma activa en la generación de empleo en el municipio apoyando la puesta en marcha de nuevos proyectos empresariales.

2. BENEFICIARIAS

Podrán acogerse a estas ayudas los/as empresarios/as individuales y las pequeñas y medianas empresas (PYME), independientemente de su forma jurídica, que iniciasen su actividad empresarial entre el 1 de noviembre de 2021 y el 31 de octubre de 2022. Se entenderá por inicio de actividad el alta en el IAE. Para el carácter de PYME se tendrá en cuenta lo establecido en el Anexo I del Reglamento nº 651/2014 de la Comisión Europea.

3. BASES REGULADORAS.

Pueden consultarse las bases reguladoras de la presente convocatoria en la siguiente dirección: www.monfortedelemos.es en la sección de SUBVENCIONES. Las entidades interesadas deberán presentar las solicitudes de acuerdo con los modelos normalizados que se facilitarán en el Registro general del Ayuntamiento de Monforte de Lemos, en los servicios sociales comunitarios o en la web www.monfortedelemos.es.

4. CUANTÍA.

Para la financiación de estas ayudas se destina un crédito de 30.000,00 €.

5. PLAZO DE PRESENTACIÓN DE LAS SOLICITUDES.

El plazo de presentación de solicitudes será desde el día siguiente a la publicación del extracto de las bases en el Boletín Oficial de la Provincia y hasta el 30 de noviembre de 2022

Monforte de Lemos, 2 de noviembre de 2022.- El Alcalde, José Tomé Roca.

R. 3199

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) XOVE*Anuncio***EXTRACTO DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Nº 2022-1030 DO 2 DE NOVEMBRO DE 2022 POLA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA DAS AXUDAS AO ESTUDO DO CONCELLO DE XOVE PARA O CURSO 2022-2023**

BDNS (Identif.): 656824

De acordó co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencions, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencions (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/656824>)

Primeiro. Beneficiarios.

As persoas interesadas na concesión dunha axuda deberán cumprir o requisito de empadramento e residencia efectiva do núcleo familiar no Concello de Xove cunha antigüidade mínima de tres anos, salvo no caso de independencia da persoa solicitante, que se considerará tal se no momento da solicitude ten contrato de traballo en vigor, e en cuxo caso se requirirá o empadramento e residencia efectiva persoal.

Segundo. Obxecto

As bolsas e axudas ao estudo reguladas nas presentes bases teñen por obxecto atender a sufragar os gastos derivados do material e pago das taxas ou prezos de quen se atope realizando estudos, coas dotacións máximas e demais condicionantes que se fixan nas bases posteriores.

Para os efectos das presentes Bases, enténdese por Bolsa ou Axuda ao estudo “toda cantidade ou beneficio que o Concello de Xove conceda a quen desexe realizar ou se atope realizando estudos para a súa promoción educativa, cultural ou profesional, de acordo coas presentes bases e para os cursos académicos a que se refiran as respectivas convocatorias”

As modalidades de bolsas e axudas ao estudo son as seguintes:

MODALIDADE 1.- Bolsas e axudas ao estudo universitario.

MODALIDADE 2.- Bolsas e axudas para ciclos formativos que cursen especialidades que non existan en Xove, San Cibrao, Viveiro ou Burela.

MODALIDADE 3.- Axudas para alumnos con discapacidade física ou psíquica que asistan a clases de educación especial ou a terapias de estimulación.

MODALIDADE 4.- Axudas para compra de material escolar.

MODALIDADE 5.- Axudas para estudos de doutoramento.

MODALIDADE 6.- Axudas para máster

Terceiro. Bases reguladoras

Poden consultarse as Bases Reguladoras da presente convocatoria na seguinte dirección: <https://xove.sedelectronica.gal/transparency/b798c099-335e-4ae5-b6f2-5609fdf60c21/>

Cuarto. Contía

O Concello de Xove aboará as axudas ás persoas solicitantes que reúnan os requisitos previstos nestas bases por alumno ou alumna segundo a renda per cápita familiar (englobando os ingresos de todos os membros da unidade de convivencia) que consta na declaración do Imposto Sobre a Renda das Persoas Físicas presentada no ano da solicitude.

As dotacións das bolsas son as seguintes:

1.-Modalidade 1.- Bolsas e axudas ao estudo universitario, dotadas con 1.200,00 € cada unha, cunha contía mínima de 100,00 €

2.-Modalidade 2.- Bolsas e axudas para ciclos formativos que cursen especialidades que non existan en Xove, San Cibrao, Viveiro ou Burela, dotadas con 600,00 € cada unha, cunha contía mínima de 100,00 €

3.-Modalidade 3.- Axudas para alumnos con discapacidade física ou psíquica que asistan a clases de educación especial ou a terapias de estimulación, dotadas con 750,00 € cada unha

4.-Modalidade 4.- Axudas para compra de material escolar, coa seguinte dotación:

a.- Preescolar: 65,00 €

b.- Primaria e ESO: 60,00 €

c.- Bacharelato: 125,00 €

d.- Ciclos formativos: 125,00 €

5.-Modalidade 5.- Axudas para doutoramento, dotada con 1.200,00 €.

6.- Modalidade 6.- Axudas para master, dotada con 500,00 €.

Quinto. Requisitos dos solicitantes

Os interesados na concesión dunha bolsa ou axuda ao estudo deberán cumprir o requisito de empadramento e residencia efectivo do núcleo familiar no Concello de Xove cunha antigüidade mínima de tres anos, salvo no caso de independencia do solicitante, que se considerará tal se en o momento da solicitude ten contrato de traballo en vigor, e nese caso requirirase o empadramento e residencia efectivo persoal.

Ademais, no caso das axudas da Modalidade 1 de bolsas e axudas ao estudo universitario, é condición indispensable non ter máis de dúas materias suspensas de cursos anteriores, a condición de que o alumno estea matriculado dun curso completo ou dun número de materias non inferior a cinco. E así proporcionalmente ao número de materias.

Así mesmo, para o gozar do total da axuda da modalidade 6 de master deberá acreditarse documentalmente un gasto superior á cantidade para conceder, entendéndose como gastos a xustificar os derivados da matrícula, gastos de estancia, gastos de desprazamentos, gastos de alimentación e/ou gastos de material, e no caso de non xustificar o total da axuda, esta se prorrateará.

Os gastos deberán ser xustificadas con facturas, taxas de matrícula, contratos (estancia) ou calquera outro gasto que acredite fidedignamente a realización do gasto sen admitirse simples recibos nin declaracións.

Sexto. Prazo de presentación das solicitudes

Os interesados en acceder ás bolsas e axudas deberán solicitalo no impreso normalizado facilitado polo Concello e acompañar a documentación sinalada na Cláusula Oitava.

As solicitudes atoparanse a disposición dos interesados e poderán presentarse a través da sede electrónica do Concello de Xove así como nas dependencias de Servizos Sociais do Concello e dirixiranse ao Alcalde-Presidente do Concello de Xove.

O prazo de presentación das solicitudes será de 20 días naturais contados a partir da data de publicación pola Base de datos Nacional de Subvencións do Extracto da Convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. Este prazo poderá ser prorrogado, excepcionalmente por Resolución motivada do Sr. Alcalde-Presidente, sen que en ningún caso a duración da devandita prórroga poida exceder de 10 días.

Así mesmo, tamén poderán presentarse ditas instancias no rexistro e oficinas, de acordó co previsto no artigo 66 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

XOVE, 2 de novembro de 2022.- O ALCALDE.- JOSÉ DEMETRIO SALGUEIRO RAPA.

R. 3200